

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO
O DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2018

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Muras, o d3a vintedou de novembro de dous mil dezaoto, re3nese o Concello Pleno para celebrar, sesi3n extraordinaria , baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e coa asistentecia dos concelleiros.

DONA BEL3N CHAO RAMIL
DON CARLOS CARBALL3S PENABAD
DON MARIO ROUCO REY
DON JOS3 DANILLO REQUEIJO CASTRO
DON JOS3 PAJ3N PENABAD

Non asiste DONA ROSARIO CELIA REY L3PEZ

D3a fe do acto o Secretario do Concello don Froil3n Pall3n Seco.
Sendo as vinte horas minutos pola Presidencia decl3rase aberta a sesi3n.

De seguido, somet3ndose a debate e aprobaci3n o asunto da orde do d3a:

1.- Modificaci3n puntual do inventario municipal, para excluir do mesmo os “Montes da Gañidoira e Fraga de Guimar3s”.- 3 vista do expediente tramitado, polo Sr. Alcalde faise unha breve intervenci3n introdutoria, na que fai referencia ao asunto deste pleno, a retirada do inventario municipal dos montes da Gañidoira e Fraga de Guimar3s. Ref3rese a unha serie de compromisos adquiridos, entre os que est3 o presente. Afirma refer3ndose, 3s axudas aos veci3os, entre elas a da luz, 3s escolares, e agora este compromiso de devoluci3n aos veci3os destes montes. Remata dicindo “somos xente de palabra”.

De seguido a Sr. Alcade da lectura 3 seguinte proposta:

“PRIMEIRO. Estimar no seu conxunto as alegaci3ns presentadas polos interesados no procedemento en relaci3n co expediente de investigaci3n da titularidade dos Montes da Gañidoira e Ximar3s, polos motivos expresados no Informe xur3dico emitido sobre as mesmas, do que se remitir3 copia aos interesados xunto coa notificaci3n do presente Acordo.

SEGUNDO. Declarar que a titularidade dos Montes da Gañidoira e Ximar3s , con referencias catastrais 27033A031000410000FH, 27033A031000420000FW, 27033A030000990000FB, 27033A028000650000FJ, 27033A028000660000FE, 27033A030001000000FB, 27033A030001010000FY, 27033A030001030000FQ, e 27033A046000240000FT, **non corresponde ao Concello.**

TERCEIRO. Aprobar a Rectificaci3n e exclusi3n no Inventario de Bens e Dereitos da Corporaci3n municipal, da inscrici3n dos bens inmoables de natureza r3stica investigados, e que son os que seguen:

EP3GRAFE 1.2. BENS INMOABLES DE NATUREZA R3STICA	
N3 INVENTARIO	DENOMINACI3N
10	POL3GONO 30 – PARCELA 99
11	POL3GONO 30 – PARCELA 101

13	POLÍGONO 30 – PARCELA 103
15	POLÍGONO 30 – PARCELA 100
16	POLÍGONO 31 – PARCELA 41
17	POLÍGONO 28 – PARCELA 65
18	POLÍGONO 28 – PARCELA 66
22	POLÍGONO 31 – PARCELA 42
29	POLÍGONO 46 – PARCELA 24

CUARTO. Notificar aos interesados que compareceron no procedemento, ao Rexistro da Propiedade, a Xerencia Territorial do catastro, a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.

En Muras, a 21 de novembro de 2018. O Alcalde. Manuel Requeijo Arnejo”

De seguido dalle a palabra ao portavoz do PP, Danilo, quen afirma que o que acaba de falar Manolo (Sr. Alcalde), é mentira, o grupo popular foi quen liderou a recuperación dos montes.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, que di “non sei que fixo o PP, o que sei é que os veciños perderon o pleno dominio dese monte. Nós imos devolver os montes aos veciños, desconsorciámoslos e imos retiralos do inventario municipal”. Segue dicindo que foi a xente do PP a que incluiu no inventario municipal os montes que nos ocupan, cando os verdadeiros propietarios, durante moitos anos, non podían facer uso destes montes.

Dirixíndose ao Sr. Danilo preguntalle “¿si pensas que foi labor do PP?, eres libre de dicir o que queiras, pero a realidade é que non é certo”

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao portavoz do PP, don Danilo, quen dirixíndose ao Sr. Alcalde dille “Manolo eres moi novo, pero nós presentamos dúas mocións. Nunca reclamáchedes o monte. Foise ao contencioso e pagamos do noso bolsillo”.

O alcalde Sr. Requeijo manifesta que a xente ten dereitos e capacidade para ter criterio e opinión formando criterio propio. No 2004 os teus compañeiros, decidiron incluír estes montes no inventario do Concello. Nós imos resolver este problema. Hoxe imos dar por concluído un proceso, dende fai 70 anos. Abriuse un expediente de investigación e concluímos que non son propiedade do Concello. Actuamos en consecuencia.

Intenvén a continuación o portavoz do PSOE, don Mario Rouco, quen afirma que se presentaron as alegacións, isto era unha inxustiza que ven de 1952. non concibo o que pasou, en 24 anos non se fixo nada. Pasar á votación e que cada un defenda os seus intereses.

De seguido o Sr. Alcalde lembra a proposta de acordo e pon o asunto a votación.

Por unanimidade adóptanse os seguintes acordos:

“**PRIMEIRO.** Estimar no seu conxunto as alegacións presentadas polos interesados no procedemento en relación co expediente de investigación da titularidade dos Montes da Gañidoira e Ximarás, polos motivos expresados no Informe xurídico emitido sobre as mesmas, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

SEGUNDO. Declarar que a titularidade dos Montes da Gañidoira e Ximarás, con referencias catastrais 27033A031000410000FH, 27033A031000420000FW, 27033A030000990000FB, 27033A028000650000FJ, 27033A028000660000FE, 27033A030001000000FB, 27033A030001010000FY, 27033A030001030000FQ, e 27033A046000240000FT, **non corresponde ao Concello.**

TERCEIRO. Aprobar a Rectificación e exclusión no Inventario de Bens e Dereitos da Corporación municipal, da inscrición dos bens inmobles de natureza rústica investigados, e que son os que seguen:

EPÍGRAFE 1.2. BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA	
Nº INVENTARIO	DENOMINACIÓN
10	POLÍGONO 30 – PARCELA 99
11	POLÍGONO 30 – PARCELA 101
13	POLÍGONO 30 – PARCELA 103
15	POLÍGONO 30 – PARCELA 100
16	POLÍGONO 31 – PARCELA 41
17	POLÍGONO 28 – PARCELA 65
18	POLÍGONO 28 – PARCELA 66
22	POLÍGONO 31 – PARCELA 42
29	POLÍGONO 46 – PARCELA 24

CUARTO. Notificar aos interesados que compareceron no procedemento, ao Rexistro da Propiedade, a Xerencia Territorial do catastro, a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Dáse por rematado o Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levantou a sesión sendo as vinte horas e vintecinco minutos da que se estende a presente acta, que asina comigo, de todo o cal, como Secretario, dou fe,